

## LINGUA GALEGA, EDUCACIÓN E SOCIEDADE

MARÍA LÓPEZ SÁNDEZ

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## I. INTRODUCCIÓN XERAL: DESCRICIÓN DA ÁREA DE TRABALLO

Lingua, educación e sociedade constitúen, no noso país, os tres vértices dun triángulo extremadamente fértil tanto na xeración de debate social como na de actividade investigadora. No anterior informe sobre investigación educativa en Galicia, centrado na produción científica do período 1989-2001, Bieito Silva e Modesto Rodríguez Neira (2004) facían unha extensa contextualización sociohistórica e legal como punto de partida para comprendermos mellor a verdadeira natureza e a auténtica dimensión da investigación neste eido. Efectivamente, os cambios lexislativos e sociais nas décadas transcorridas desde o final do franquismo que afectaron aos conceptos que aquí nos ocupan xogaron un importante papel na promoción do pensamento e a investigación. A Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa (BOE, 06/08/1970), a Constitución española de 1978 (BOE, 29/12/1978), o Real decreto 1981/1979, do 20 de xullo, polo que se regula a incorporación da Lingua Galega ao sistema educativo en Galicia (BOE, 21/08/1979), a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do

Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE, 28/04/1981) e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG, 14/07/1983) marcaron un evidente punto de inflexión e condicionaron os procesos históricos e sociais que trazan a conexión entre lingua galega, educación e sociedade.

Mais os debates sociais e as mudanzas lexislativas non entraron, nos últimos anos (2002-2014), na fase de estabilización que cabería agardar logo das profundas mudanzas da transición política, senón que, en certa medida, pode dicirse que se radicalizaron as posicións sociais e ideolóxicas, ao tempo que se constatou, a través de estudos empíricos, o pouco éxito das políticas normalizadoras, todo o cal activou máis, se cabe, a presenza social do debate e, paralelamente, a produción científica nese triángulo conformado pola lingua, a educación e a sociedade.

Cómpre destacar, a este respecto, o Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004, que abría a vía para a análise dos distintos sectores sociais e que sinalaba, para o escolar, unha serie de problemas tales como a deficiente competencia oral en galego do alumnado ou un preocupante nivel de competencia comunicativa inferior ao do castelán. O Plan tivo a súa plasmación no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG, 29/06/2007), que intentou convertelo en norma legal no que se refire ao ensino. No ano anterior (2006), o Consello Escolar de Galicia emitira un informe titulado *Evolución e estado actual do sistema educativo en Galicia (cursos 2002-2005)* no que se atendía, como non podía ser doutro xeito, ao estado da lingua, sinalándose o fracaso da lexislación na tarefa de normalización e o incumprimento da normativa no relativo ás materias que deberían ofertarse en galego. Neste contexto, tomando como base a propia Lei de normalización lingüística (1983) e o Plan xeral de normalización da lingua galega (2004), o De-

creto 124/2007 supuxo unha aposta decidida polo traballo a prol da normalización.

Mais os vaivéns políticos e a falta de vontade do novo goberno para manter o consenso nun terreo tan delicado como o da lingua levaron á súa derogación, substituído polo polémico Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG, 25/05/2010). As reaccións a esta radical mudanza na regulación do papel da lingua na escola implicaron a toda a sociedade e levaron a unha polarización de posturas entre colectivos de recente aparición, tales como Galicia Bilingüe, e os sectores tradicionalmente promotores da normalización lingüística. Entre as abundantes contestacións ao Decreto atópanse, a modo de exemplo, o pronunciamento do 12 de xaneiro de 2010 da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística; o comunicado da Real Academia Galega do 18 de xuño de 2014, no que se urxía á Xunta de Galicia a avaliar a situación do galego no ensino, ou o informe da Mesa pola Normalización Lingüística, de outubro de 2014, no que se analizaba a aplicación en Galicia da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, que fora ratificada polo goberno español nun acordo internacional en 2001 e que, no seu preámbulo, instaba á protección das linguas “rexionais ou minoritarias históricas de Europa”.

Un dos cambios organizativos do período que nos ocupa e que subliña a complexidade do momento vivido é a perda de funcións e relevancia dos Departamentos de Normalización Lingüística dos centros escolares, que pasaron, a partir de 2010, a seren concibidos como dinamizadores e a perderen o papel orixinal para o que xurdiran. Esta mudanza ocorreu en paralelo a un cambio de rango na Secretaría Xeral de Política Lingüística. Significativamente, a situación contraria atopámola no ano 2007, cando comezaron a funcionar catro coordinacións territoriais dos Equipos de Normalización Lingüística, coa función de coordina-los e asesoralos.

Así pois, os anos 2007 e 2010, subliñados pola publicación dos dous Decretos referidos, marcan os extremos de dúas actitudes diferentes verbo de como debe regularse a presenza e o tratamento das linguas na educación. As demandas para a avaliación do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario (avaliación da que o propio texto legal facía previsión) acadaron unha especial intensidade logo de dárense a coñecer, no ano 2014, diversos datos sobre a perda de falantes e a diminución do emprego do galego, tanto a nivel social como especificamente escolar. Podemos dicir, por tanto, que a investigación sociolingüística e os seus achados contribuíron a reavivar o debate sobre os cambios legislativos que afectaron a presenza e o uso das linguas na escola e, como dixemos, logo dun período de transición política no que cando menos había un consenso (politicamente correcto) a prol da normalización e a incorporación do galego ao ensino, a última década vén marcada por discrepancias e enfrontamentos que se reflicten no dinamismo da investigación.

Todo isto prodúcese nun contexto global de forte interese por parte das institucións europeas por promoveren o plurilingüismo mediante directrices orientadas aos sistemas educativos dos distintos países. O ano anterior ao inicio do período que estamos a analizar, o 2001, foi designado polo Consello de Europa e a Comisión Europea como o Ano Europeo das Linguas, e isto non é un feito illado, senón máis ben un dos máis evidentes síntomas da enorme importancia que, nos primeiros anos do século XXI, se lle deu ás linguas e ao plurilingüismo desde a Unión Europea, o cal vai incidir nos sistemas educativos e fertilizar o terreo da investigación no eido específico que nos ocupa.

Non cabe dúbida de que un dos aspectos que fomentou poderosamente a produción científica neste ámbito é o enorme impacto que todas as decisións ligadas á educación teñen sobre a lingua, pois isto propicia que, mesmo en tra-

ballos netamente sociolingüísticos e non centrados especificamente no eido educativo, a referencia ao que acontece na escola estea presente de xeito case universal. Por outra banda, algúns dos traballos de orientación máis especificamente didáctica sobre o ensino do galego proceden de investigadores moi centrados nalgún aspecto específico da lingua, como no caso do artigo “O ensino de fonética galega a castelánfalantes: problemas e métodos” (2004), de Elisa Fernández Rei, unha achega á didáctica por parte dunha investigadora non enfocada primeiramente ás aplicacións á docencia nos seus estudos sobre fonética galega. Esta é, precisamente, unha das dificultades da elaboración da revisión analítica que pretendemos facer. O volume de investigacións sociolingüísticas é tal que sobordaría calquera intento razoábel de compilación nas marxes dispoñíbeis e, malia que, certamente, unha boa parte da investigación sociolingüística se afasta da dimensión educativa e escolar, xustamente pola importancia da escola e as políticas educativas en todos os procesos vinculados á lingua resulta difícil establecer cando nun determinado traballo a dimensión educativa ten a entidade suficiente para que deba ser recollido neste estudo. Entendemos, daquela, que existe aquí unha fronteira difusa na que actuaremos cun criterio que intentará cingirse aos traballos sociolingüísticos nos que a conexión coa dimensión escolar e educativa fora, se non central, cando menos suficientemente relevante para que, como apuntabamos anteriormente, constituía un vértice en triángulo coa sociedade e a lingua. A este respecto, cómpre salientarmos o feito de que a meirande parte dos investigadores son, á súa vez, docentes (maioritaria, mais non exclusivamente, no nivel universitario), o que se suma á propia relevancia da institución educativa á hora de propiciar a atención á dimensión escolar nos traballos de investigación sociolingüística.

Ademais da delimitación entre o enfoque puramente sociolingüístico e o que atende suficientemente a dimen-

sión educativa, outra fronteira complexa é a que afasta os traballos de investigación fronte a outros de índole máis divulgativa e con vontade de intervención, na liña do moi difundido *En galego, por que non?* (2009), de Manuel Núñez, ou o premiado *En castellano no hay problema* (2010), de Carlos Callón, pois non pode esquecerse que o campo de estudo que nos ocupa está intimamente ligado á acción e á intervención. Definimos, pois, o terreo que pretendemos abranguer como aquel no que conflúen lingua, educación e sociedade desde unha perspectiva preferentemente investigadora máis que de intervención, por máis que toda tarefa cultural (e, por suposto, tamén a investigación) estea ligada á intervención social e constituía un elemento activo das dinámicas ideolóxicas.

Por último, cómpre que fagamos unha delimitación do que se entende como investigación educativa en Galicia, pois son moitas as posibilidades e as dúbidas que xorden ao considerarmos cando a delimitación xeográfica ou cultural establecida polo termo “Galicia” debe dar acollida a un certo traballo. A meirande parte das investigacións recollidas no noso informe corresponden a autores galegos ou galegas; mais tamén incorporamos algúns traballos de investigadores estranxeiros sobre situacións de plurilingüismo escolar alleas a Galicia que foron publicados en revistas galegas, por entendermos que este factor indica a vontade editorial de traer tales estudos ao noso campo, como experiencia comparada e, por tanto, como modelo e espello no que reflectirse. Así pois, a variable referida ao factor “en Galicia” foi tomada no sentido máis amplo e de xeito inclusivo, especialmente nos traballos das características que vimos de sinalar que foron acollidos en publicacións galegas.

## II. ANÁLISE DA INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA, EDUCACIÓN E SOCIEDADE

### 2.1. *Publicacións*

#### 2.1.1. Artigos

No terreo especialmente plural dos artigos, cómpre salientarmos que as revistas con implantación en Galicia, tanto as máis enfocadas especificamente á educación, como a *Revista Galega do Ensino*, como as ligadas á cultura galega de maneira xeral, caso de *Grial*, dedicaron no período de análise (2002-2014) monográficos á cuestión lingüística. Ademais, a importancia da investigación sociolingüística en Galicia déixase ver na existencia de publicacións centradas de xeito específico nesta dimensión, como é o caso de *Estudos de Sociolingüística*, vinculada á Universidade de Vigo e que, como as anteriores, dedicou un número monográfico á dimensión educativa e escolar, de forte relevancia para o tema que nos ocupa. Pero se hai que salientar unha revista en relación ao ámbito de estudo da interacción entre lingua e escola esta é, sen dúbida, *A letra miúda*, publicación dixital creada en 2012 que se define explicitamente como unha revista de sociolingüística para o ensino. Na súa páxina de presentación fixa como obxectivo “achegar información e datos imprescindíbeis en materia sociolingüística para os/as docentes que traballan nese ámbito e axudarlles no deseño de modelos de intervención encamiñados á normalización do galego no ámbito educativo”. De termos en conta este deseño temático de partida, practicamente a totalidade dos seus artigos poderían ser recollidos nesta revisión bibliográfica, aínda que nos limitaremos, no referente a esta publicación, a aqueles en que a conexión lingua-escola sexa explícita. A creación relativamente recente desta revista é proba da enorme vitalidade da investigación sociolingüística escolar, algo que

poderemos ir comprobando ao longo do noso percorrido polos traballos realizados nos últimos anos neste eido.

No ámbito específico da investigación lingua-escola-sociedade, ocupa tamén un lugar especial o número 53 de *Eduga: Revista Galega do Ensino*, que se atopa catalogada no grupo C da Clasificación Integrada de Revistas Científicas (CIRC 2012), e que no ano 2008 publicou un monográfico centrado especificamente neste aspecto que recolle todo un conxunto de artigos entre os que poden citarse, a modo de exemplo, “Cidadanía galega plurilingüe na Europa de ‘dúas máis unha’”, de Xosé Manuel Vez; “Plurilingüismo a partir do galego: o papel da escola”, de Bieito Silva, e “Cara a unha competencia plurilingüe” ou “O desenvolvemento dunha competencia plurilingüe entre as prioridades da administración educativa galega”, de Xabier San Isidro. Este último autor, asesor naquel momento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, fai unha revisión das mudanzas que experimentou o ensino de linguas, centrándose especificamente nos últimos anos, desde a publicación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e da promoción do plurilingüismo na escola a través da implantación da Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras/Content and Language Integrated Learning (AICLE/CLIL), que implica a impartición de materias non lingüísticas nunha lingua estranxeira (aspecto no que se centra a entrevista a David Marsh recollida no monográfico e o artigo de Carmen Pérez “Multilingüismo á europea: integrar contidos”), e do TIL (Tratamento Integrado de Linguas). Tamén incide nestes aspectos Xosé Manuel Vez, sen dúbida unha figura clave na investigación do plurilingüismo e a interacción entre linguas, escola e sociedade nas últimas décadas e director do Observatorio Atrium Linguarum. Na súa contribución ao monográfico, este autor identifica o momento actual como o dun cambio de paradigma ligado ao plurilingüismo, o que, ademais da difusión dos enfoques CLIL e TIL, implica falar

de cuestións como o tratamento intercomprensivo das competencias plurilingües e a tolerancia cara ao coñecemento e uso asimétrico das linguas. Pola súa parte, Bieito Silva, figura esencial na investigación das cuestións sociolingüísticas na súa dimensión educativa, achégase ao plurilingüismo desde a situación específica de Galicia para reflexionar sobre a construción da competencia plurilingüe desde a lingua propia e minorizada.

A relevancia deste monográfico reside en que permite identificar a preocupación esencial neste campo da investigación; isto é, a competencia plurilingüe, cos seus métodos e mudanzas (CLIL, TIL...), desde unha comunidade cunha lingua propia minorizada, e, asemade, reunir as figuras clave neste eido, entre as que destacan Xosé Manuel Vez e Bieito Silva. Malia tratarse, en ambos os dous casos, de profesores universitarios, cómpre ter en conta tamén a presenza de profesores doutros niveis educativos, como o propio Xabier San Isidro, e daqueles que se achegan aos temas tratados desde a experiencia de aula, como na análise da metodoloxía CLIL en “O efecto catalizador da nosa sección bilingüe”, dos profesores Cándido Carrera e Juan Ramón Guinarte ou “Wellcome to Art: unha experiencia bilingüe”, da profesora Beatriz Somoza. No tocante ao xénero, dáse unha presenza bastante equilibrada de mulleres e homes entre os autores (ao xa citado artigo de Carmen Vidal cómpre engadir, por exemplo, “A maldición de Babel”, de Elena Neira e “Cara a unha educación plurilingüe: unha ollada ecolóxica” de Pilar Sagasta e Matilde Sainz). A autoría é, de xeito maioritario, individual, como adoita acontecer no eido da investigación humanística.

Os autores citados produciron, durante o período 2002-2014, outros artigos que inciden en liñas afíns. Así, inaugurando o período que concita a nosa atención, Bieito Silva publicou en *Adaxe* “Lingua e escola en Galicia: a cuestión lingüística nunha facultade de ciencias da educación”, un

traballo no que analiza a lexislación lingüística escolar e os seus resultados, así como aspectos relacionados coas necesidades de formación do profesorado no seo dunha realidade sociolingüística complexa como é a galega e, no ano 2008, “Gallego, castellano y lenguas extranjeras en el sistema escolar de Galicia”, en *Textos de Didáctica de la Lengua y de la Literatura*. Nunha liña semellante, de reflexión sobre as necesidades formativas dos futuros docentes nun contexto de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e nunha comunidade bilingüe, enmárcase “Diversidad lingüística y educación”, de Inmaculada Mas e Luz Zas.

A *Revista Galega de Educación* acolle sempre unha sección dedicada á lingua na que adoitan relacionarse lingua, sociedade e ensino, polo que constitúe un referente para a elaboración deste informe. Sirva de exemplo a publicación, en dous números consecutivos do ano 2014, dos artigos “Repensarnos os discursos, (pro)movermos o galego”, de Denis Vicente, e “Ensinar e estudar galego: unha aposta polo futuro”, de Soraya Suárez. Para o período que nos ocupa, interesa a segunda etapa da revista, reiniciada en 2005 e continuada ata a actualidade cunha periodicidade cuadrimestral e unha sección de peche dedicada á lingua. En varios dos números da *Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación* tamén se recollen artigos relevantes, como o traballo colectivo publicado no ano 2005 “O galego no ensino: perspectivas do profesorado”.

Mais, como sinalabamos anteriormente, as publicacións en que se relacionan linguas e ensino sobordan aquelas que teñen como elemento esencial a dimensión educativa e atinxen a outras de inclinación cultural ou sociolingüística, que non poden deixar de lado a escola. A revista *Grial* dedicou dous monográficos á cuestión lingüística, concretamente o número 160 (2003), cunha sección titulada “O desafío da diversidade lingüística”, e o 179 (2008), baixo o título

conxunto de “O idioma cara ao futuro. Lingua, sociedade e política”. Nestes exemplos, aínda que o enfoque é sociolingüístico e non especificamente enfocado ao ámbito educativo, as cuestións tratadas nos diversos artigos teñen relevancia para a planificación escolar e hai, ademais, algún que se centra especificamente nesta dimensión, como o traballo de Bieito Silva (2008) titulado “Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro”. Dentro deste marco de traballo atoparíase a investigación de Anxo Lorenzo recollida no número 1 da *Revista de Sociolingüística* (2003), “Estudios sobre a situación sociolingüística da lingua galega (1990-2002)”, que, á súa vez, realiza unha compilación de estudos e traballos de relevancia sociolingüística distinguindo un conxunto de sete áreas entre as que figura o ensino universitario e non universitario; ou “Breve crónica sobre proceso de normalización e a situación social da lingua galega” (Muñoz, 2009). Noutros casos, a perspectiva de integración da lingua coa dimensión social vén dada polo achegamento a un aspecto lingüístico desde un enfoque comparado, como acontece en “Las unidades fraseológicas en la Educación Secundaria. El refranero multilingüe como punto de partida” (Fernández Pampín, 2012).

Malia que o groso da atención se enfoca cara ao propio sistema educativo galego e as cuestións que nel se manifestan desde o plurilingüismo e a sociolingüística, atopamos tamén algún artigo que atende ao ensino do galego fóra de Galicia. Este é o caso de “Acción educativa gallega en el exterior: la enseñanza de gallego en el extranjero”, de Juan José Varela, recollido en *Didáctica. Lengua y Literatura*, (2007) e de “Dos experiencias de didáctica intercultural entre Catalunya y Galicia”, de Valeria Paül i Carril e Sabela Labraña, enfocado na análise da introdución do estudo da lingua, cultura e xeografía galegas no sistema educativo catalán, tanto na Educación Secundaria Obrigatoria como na educación para adultos.

Detéctase, na propia evolución das revistas de investigación, unha preocupación crecente pola indexación e os índices de impacto. Así, por exemplo, nunha revista relevante tamén para o ámbito que nos ocupa, *Estudos de Lingüística Galega*, creada en 2009 e vinculada ao Instituto da Lingua Galega (ILGA), salientase desde a propia páxina de presentación o feito de que a revista aparece indexada en *Scopus*, *ERIH PLUS*, *CSA Linguistics and Language Behavior Abstracts*, *Linguistic Bibliography* e *MLA (Modern Language Association)*, entre outras, así como que a ANEP (Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva) a clasifica como revista A, o *Qualis Periodicos* do sistema CAPES como B2 e en MIAR ten un ICDS de 7,278.

O groso dos artigos concéntrase, daquela, en revistas de ámbito galego, cun segundo círculo de difusión no ámbito estatal e unha presenza minoritaria en revistas doutras áreas xeográficas. Un exemplo destes últimos artigos sería “La langue galicienne dans l’enseignement secondaire de la communauté autonome de Galice: déficiences sociolinguistiques et didactiques”, de Valentina Formoso, incluído no número 143 da revista *Études de Linguistique Appliquée*. Mais esta autora, relevante no campo da sociolingüística e na súa análise desde a educación, concentra o resto da súa produción de artigos en revistas de ámbito galego, fundamentalmente na *Revista Galega de Educación*, exemplificando, deste xeito, as tendencias xerais no relativo aos ámbitos de difusión.

Bouzada, X. (2005). “Cambio de valores e futuro da lingua galega”. *Grial*, 165, 80-93.

Carrera, C., e Guinarte, J. R. (2008). “O efecto catalizador da nosa sección bilingüe”. *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 60-63.

Casares, H., Fernández Salgado, A., Loredó, X., Suárez Fernández, I., Pereiro, A. X., González González, M., ... Pérez Vilarinho, J. (2004). “Actitudes lingüísticas de mozos e mozas galegos: unha exploración con entrevistas en profundidade”. En A. Lorenzo,

- F. Ramallo, e X. Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism. Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo* (pp.1625-1642). Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Casares, H., Suárez, I., Loredó, X., e Fernández, A. (2003). “Actitudes lingüísticas en Galicia”. *Grial*, 160, 52-59.
- Chamorro, M. (2008). “CELGA: o novo certificado de lingua galega. *Revista Galega de Educación*”, 40, 78-82.
- Cots, J. M. (2004). “Towards a discourse of heterogeneity in investigating schooling and immigration”. *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 349-356.
- Deprez, C. (2004). “Pourquoi est-il si difficile de maintenir par l’enseignement les *langues d’origine* dans la migration internationale?” *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 357-364.
- Etxeberria, F., e Etxeberria, J. (2013). “Competencia lingüística e lingua da escola con alumnado nativo e inmigrante”. *A letra miúda*, 2.
- Fernández Rei, F. (2012). “A situación social da lingua galega no final do franquismo”. *A Trabe de Ouro*, 89, 145-150.
- Formoso, V. (2006). “La langue galicienne dans l’enseignement secondaire de la communauté autonome de Galice: déficiences sociolinguistiques et didactiques”. *Études de Linguistique appliquée*, 143, 313-332.
- Formoso, V. (2010). “Normalización lingüística nos centros de ensino non universitario: de onde vimos e a onde imos?” *Revista Galega de Educación*, 46, 72-75.
- (2011). “20 aniversario dos Equipos de Normalización Lingüística dos centros de ensino”. *Revista Galega de Educación*, 51, 62-65.
- (2014). O futuro da lingua. *Luzes*, 10, 61.
- Formoso, V., e Queixas, M. (2012). “O imaxinario social da lingua: unha experiencia de análise e intervención nas aulas universitarias”. *Revista Galega de Educación*, 54, 60-63.
- (2013). “Na escola, plurilingüismo versus galego?” *Revista Galega de Educación*, 55, 42-45.

- Freixeiro, X. R. (2014). "A lingua tiveran por lingua d'escravos. O autoodio como concepto sociolingüístico". *Estudos de Lingüística Galega*, 6, 117-137.
- Fuentes, E., Santos, M<sup>a</sup> C., Veiga, A. J., González, M., e Iglesias, F. (2005). "O galego no ensino: perspectivas do profesorado". *Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación*, 12, 265-290.
- García, I. (2013). "A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Cataluña". *A letra miúda*, 2, 15.
- González, X., e Huguet, A. A. (2002). "Estudio comparado de las actitudes lingüísticas de los escolares en contextos de minorización lingüística". *Estudios de Sociolingüística*, 3(1), 249-276.
- Guijarro-Fuentes, P., e Clibbens, J. (2002). "Adquisición de las propiedades morfosintácticas del español por parte de niños bilingües en etapas avanzadas". *Estudios de Sociolingüística*, 5 (1), 107-128.
- György-Ullholm, K. (2004). "Language planning between pluralism and assimilationism. Reflections on Hungarian mother tongue instruction in Sweden". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 277-298.
- Huguet, A., e Lapresta, C. (2006). "Las actitudes lingüísticas en Aragón. Una visión desde la escuela". *Estudios de Sociolingüística*, 7(2), 265-288.
- Iglesias, A. (2012). "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos". *A letra miúda*, 1.
- Janeiro, X. L. (2013). "O decreto 79/2010: Penélope e a lexislación lingüística". *A letra miúda*, 4.
- Janeiro, X. L., e Alonso, A. (2013). "A lingua galega no ensino: reflexións sobre o decreto 124/2007". *A letra miúda*, 3.
- Labraña, S. (2011). "Reflexións sobre a situación sociolingüística galega desde o paradigma da complexidade". *Estudos de Lingüística Galega*, 3, 65-82.
- Loredo, X., Fernández Salgado, A. e Suárez Fernández, I. (2005). "Análise da expresión escrita en galego e castelán ao final do ensino obrigatorio: resultados dun estudo realizado na comarca de Santiago de Compostela". *Cadernos de Lingua*, 27, 109-126.

- Lorenzo Moledo, M., Santos Rego, M. A., e Samartino, E. (2010). "Los nuevos aprendices del gallego. Articulando materiales para el empoderamiento lingüístico y la inclusión educativa". *SL&I en red: Revista electrónica de investigación y didáctica*, 4, 106-123.
- Lorenzo Suárez, A. M. (2003). "Estudios sobre a situación sociolingüística da lingua galega (1990-2002)". *Revista de Sociolingüística*, 1.
- Lorenzo Suárez, A. M. (2005). "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego". *Cadernos de Lingua*, 27, 39-59.
- Lorenzo Suárez, A. M. (2009). "A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística". *Journal of Contemporary Galician Studies*, 1, 20-39.
- Martín, L. (2004). "Dilemas ideolóxicos". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 191-205.
- Martín, L., Nussbaum, L., e Unamuno, V. (2004). "Dilemas de las políticas lingüísticas y de su estudio". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 187-230.
- Mas, I., e Zas, L. (2011). "Diversidad lingüística y educación". *tic. Revista d'innovació educativa*, 7, 62-70.
- Mijares, L., e Broeder, P. (2004). "Ciudades plurilingües: una encuesta sobre usos lingüísticos en las escuelas de Madrid". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 299-321.
- Molina, M., e Maruny, I. (2004). "El catalán que aprenden los alumnos marroquíes". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 323-348.
- Monteagudo, X. H. (2012a). "Política lingüística en Galicia. Apuntes para un nuevo balance". *Quo Vadis Romania?*, 39, 21-39.
- (2012b). "Sociolingüística galega: problemas e pescudas". *Treballs de Sociolingüística Catalana*, 22, 271-286.
- (2012c). "Variação e Norma Linguística: Subsídios para uma (re)visão". En X. Lagares, e M. Bagno (eds.), *Políticas da norma e conflitos lingüísticos* (pp. 15-48). São Paulo: Parábola Editorial.
- Moure, T. (2003). "A batalla das linguas no mundo actual. Multilingüismo e antiglobalización". *Grial*, 160, 19-29.
- Muñoz, D. (2009). "Breve crónica sobre o proceso de normalización e a situación social da lingua galega". *Madrygal*, 12, 67-77.



- Neira, E. (2008). "A maldición de Babel". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 7.
- Nussmann, L. (2004). "Dilemas y desafíos de la educación lingüística". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 207-217.
- Paül i Carril, V., e Labraña, S. (2009). "Dos experiencias de didáctica intercultural entre Catalunya y Galicia". *Didáctica Geográfica*, 10, 139-160.
- Penabade, B. (2013). "Estratexias de implicación en normalización lingüística. Pedagogía ao servizo da cohesión social". *A letra miúda*, 4.
- Pérez Vidal, C. (2008). "Multilingüismo á europea: integrar contidos". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 17-20.
- Queixas, M. (2014). "A planificación lingüística no ensino. O equilibrio lingüístico necesario". *A letra miúda*, 5.
- Regueira, X. L. (2012). "Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual". *Estudos de Lingüística Galega*, 4, 187-201.
- Romero, D. (2013). "O contorno educativo como elemento de normalización lingüística". *A letra miúda*, 2.
- Sagasta, P., e Sainz, M. (2008). "Cara a unha educación plurilingüe: unha ollada ecolóxica". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 26-29.
- San Isidro, X. (2008a). "Cara a unha competencia plurilingüe". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 5.
- (2008b). "O desenvolvemento dunha competencia plurilingüe entre as prioridades da administración educativa galega". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 30-31.
- Silva, B. (2002). "Lingua e escola en Galicia: a cuestión lingüística nunha facultade de ciencias da educación". *ADAXE*, 18, 69-86.
- (2007). "O galego. Balance e perspectivas". *Tempos Novos*, 119.
- (2008a). "Gallego, castellano y lenguas extranjeras en el sistema escolar de Galicia". *Textos de Didáctica de la Lengua y de la Literatura*, 47, 59-69.
- (2008b). "Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro". *Grial*, 179, 48-59.

- (2008c). "Plurilingüismo a partir do galego: o papel da escola". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 21-25.
- Somoza, B. (2008). "Wellcome to Art: unha experiencia bilingüe". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 68-71.
- Strubell i Trueta, M. (2003). "A política lingüística da Unión europea". *Grial*, 160, 42-51.
- Suárez Fernández, I., Casares, H., Fernández Salgado, A., Loredo, X., González González, M., Rodríguez Neira, M., ... Pérez Vilariño, J. (2004). "Aproximación cualitativa ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos: resultados dunha investigación baseada en grupos de discusión". En A. Lorenzo, F. Ramallo, e X. Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism. Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo* (pp.1725-1740). Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Suárez Quintás, S. (2014). "Ensinar e estudar galego: unha aposta polo futuro". *Revista Galega de Educación*, 59, 48-50.
- Subiela, X. (2008). "As razóns da lingua galega". *Grial*, 179, 32-47.
- Unamuno, V. (2004). "Dilemas metodolóxicos, preguntas de investigación". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 219-230.
- Vedder, P. (2004). "Turkish immigrant adolescents' adaptation in the Netherlands: The impact of the language context". *Estudios de Sociolingüística*, 5(2), 257-276.
- Veiz, X. M. (2008). "Cidadanía galega plurilingüe na Europa de 'dúas máis unha'". *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 53, 12-16.
- Veiz, X. M. (2009). "Educación lingüística y cultural para una ciudadanía diversa y diferente/Cultural and language education for a heterogeneous citizenry". *Cultura y Educación: Culture and Education*, 21(4), 469-483.
- Vicente, D. (2014). "Repensarmos os discursos, (pro)movermos o galego". *Revista Galega de Educación*, 58, 52-55.
- Vila, I. (2012). "Algunhas reflexións sobre a educación bilingüe". *A letra miúda*, 1.

### 2.1.2. Libros e capítulos de libros

A maioría dos libros que enfocan a cuestión da interacción entre lingua e sociedade son de carácter colectivo, unha compilación de capítulos a cargo de diversos autores que abranguen desde experiencias de aula ata reflexións teóricas ou revisións históricas dos procesos implicados. A miúdo, os volumes teñen unha vocación sociolingüística xeral e a atención máis específica ao campo da educación prodúcese nalgún dos capítulos. É o que ocorre, por exemplo, co traballo titulado “A lingua no ensino: historia dunha imposición”, contribución de Celia María Armas, profesora de ensino medio, ao volume coordinado por Pilar García Negro (2009) *Sobre o racismo lingüístico*. Libros e capítulos de libros corroboran as liñas fundamentais de investigación identificadas nos artigos de revistas, que xiran sempre arredor do mesmo epicentro: a análise dos aspectos sociolingüísticos derivados da convivencia de dúas linguas ambientais cunha lingua propia minorizada e as súas implicacións educativas ou o papel da escola en relación con eles. Os nomes máis significativos nos artigos das revistas (Bieito Silva, Xosé Manuel Vez, Henrique Monteagudo) son tamén os editores ou coordinadores de volumes colectivos ou coautores de capítulos nestes libros.

Entre os volumes que non responden á estrutura maioritaria de múltiples capítulos a cargo de diversos autores cómpre destacar *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na educación secundaria obrigatoria*, de Bieito Silva (2008), un informe que recolle os resultados dunha investigación de campo levada a cabo entre os anos 2005 e 2007. Esta publicación partiu da colaboración entre o Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega.

No período compilado atopamos un volume dedicado monograficamente ás interaccións entre o lingüístico e o

social en *Educación e linguas en Galicia*, de Bieito Silva, Xesús Rodríguez Rodríguez e Isabel Vaquero. Nel acóllese o debate sobre o papel que o ensino debe xogar con respecto á lingua galega e aos procesos de normalización e recuperación social, aténdese á tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego, á análise da situación social da lingua e do seu lugar nos distintos niveis do sistema educativo de Galicia e aos modelos de educación bilingüe e plurilingüe. A edición do libro ten, como na maioría dos volumes do período, un carácter institucional, neste caso a cargo do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén cómpre destacar o papel xogado polo Consello da Cultura Galega, responsábel da publicación do libro *Contacto de linguas, Hibrididade, Cambio: Contextos, Procesos e Consecuencias* (Gugenberger, Monteagudo, e Rei-Doval, 2013).

No volume *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar*, coordinado e editado polo Consello da Cultura Galega en 2012, reaparecen os nomes de Bieito Silva, cun capítulo titulado “O debate sobre as linguas en Galicia: entre a escola e a sociedade” e de Xosé Manuel Vez, cunha análise do funcionamento de CLIL en “A introdución do uso vehicular das linguas estranxeiras no currículo educativo. Modelos europeos”. No seu capítulo, Bieito Silva defende un plurilingüismo compatíbel coa defensa e normalización da lingua minorizada (o galego) e un ensino de linguas que parta do enfoque comunicativo e intente desenvolver no alumnado actitudes favorábeis cara ao plurilingüismo e a multiculturalidade, de xeito que se chegue a unha competencia comunicativa nas dúas linguas cooficiais e nas estranxeiras, garantindo a normalización da lingua minorizada e o respecto a todas as variedades lingüísticas e culturais. A insistencia no plurilingüismo e a multiculturalidade atópase igualmente no capítulo de Vez, enfocado a unha Europa multilingüe que aposte por unha cidadanía

culta na sociedade do coñecemento, con alta capacidade competitiva, con tolerancia á aceptación da diferenza, con capacidade para o diálogo intercultural, que ofrezca un modelo de identidade baseado na diversidade e que desenvolva unha educación lingüística avanzada que acolla enfoques como TIL, PEL (Portfolio Europeo das Linguas) e promova competencias multiculturais e plurilingües.

Noutros casos, os traballos enfocan a cuestión sociolingüística galega en capítulos que se integran en libros cunha perspectiva abranguedora e máis global, como acontece cos traballos de Xosé Luís Regueira sobre os procesos de normalización en Galicia ou a análise do fenómeno de Galicia bilingüe, e que entran a formar parte de libros nos que se atende a cuestión sociolingüística desde un enfoque estatal ou europeo.

Os anos transcorridos desde a promulgación da Lei de normalización lingüística favoreceron a aparición de traballos, como os citados de Regueira ou o de Xan Bouzada, Agustín Fernández Paz e Anxo Lorenzo (2002), nos que se avalía o funcionamento e efectos da lei. A este respecto, cómpre salientar a revisión e balance do funcionamento da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística levados a cabo nun traballo de Goretti Sanmartín (2015). Nel faise un repaso histórico do funcionamento da devandita comisión universitaria que xorde para unir os esforzos das tres universidades no tocante á política lingüística e que se constituíu o 23 de xuño de 2009, tras un convenio asinado polas tres universidades o 14 de maio de 2009. Os obxectivos da comisión atendían á dobre dimensión do ensino universitario; isto é, á docencia e á investigación, atendendo á promoción do uso do galego en ambos os eidos. Este estudo, ademais de ter o interese de estar realizado por unha das persoas que participaron en todo o proceso desde a propia creación da Comisión Interuniversitaria, ten a particularidade de centrarse no ensino universitario, normalmente moito

máis desatendido na investigación sociolingüística ca os niveis anteriores, por motivos dos que no propio traballo se identifican as causas:

Saben moi ben aquelas persoas contrarias á normalización que o máis importante está no uso lingüístico nas primeiras idades e nas últimas no sistema educativo. De aí que o esquema que foi habitual fixo unha previsión dalgún uso do galego na primaria e na secundaria, practicamente nada en infantil e despreocupación total na Universidade (Sanmartín, 2015, p. 212).

Neste traballo sinálase a dicotomía entre o ensino do galego e o ensino en galego, de xeito que, fronte ao asentamento do primeiro, se denuncian os escasos avances do segundo, particularmente no nivel de ensino universitario. Ademais, a problemática específica do ámbito universitario, a dobre condición de docentes e investigadores do persoal que traballa neste nivel educativo, fai que as consideracións que se poden facer sobre el e os problemas para o uso e normalización da lingua galega neste eido sexan semellantes aos problemas para o uso da lingua na investigación, aspecto que trata especificamente o traballo de Alba Nogueira (2014).

Tamén no nivel de ensino universitario se centran un conxunto de traballos inseridos nun volume que analiza o funcionamento do Programa Erasmus (Rodríguez Rodríguez, 2010) e que se achegan a el desde a perspectiva das linguas (Gómez García, 2010), vendo neste campo de estudo un espazo privilexiado para explorar a problemática lingüística nun contexto globalizado (Radl, 2010) e enfocándose especificamente á cuestión da lingua galega nos programas de mobilidade do alumnado (Vaquero, 2010).

- Álvarez Blanco, R. (2011). *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2013). “A lei de normalización lingüística. Galicia, 30 anos despois”. En M. Ledo X. López, e M. Salgueiro (eds.), *Anuário internacional de comunicación lusófona. Comunicación na diáspora e diásporas na comunicación* (pp. 9-14). Santiago de Compostela: LUSOCOM/AGACOM.
- Armas, C. M. (2009). “A lingua no ensino: historia dunha imposición”. En P. García Negro (ed.), *Sobre o racismo lingüístico* (pp. 159-183). Santiago de Compostela: Laiovento.
- Bouzada, X., Fernández Paz, A., e Lorenzo Suárez, A. M. (2002). *O proceso de normalización do idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Callón, C. (2010). *En castellano no hay problema*. Vigo: Xerais.
- (2011). *Como defenderes os teus dereitos lingüísticos*. Vigo: Xerais.
- Fernández Paz, A., Lorenzo Suárez, A. M., e Ramallo, F. (2007). *A planificación lingüística nos centros educativos*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Fernández Rei, E. (2004). “O ensino de fonética galega a castelanfalantes: problemas e métodos”. En R. Álvarez, F. Fernández Rei, e A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade* (pp. 443-452). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega.
- Fidalgo, E. (2006). *Niveis de competencia en lingua galega: descripción de habilidades e de contidos adaptados ao “Marco común de referencia para as linguas”*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Formoso, V. (2013). *Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Xerais.
- Freitas, P. (2008). *A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro, X. R. (2006). *Lingua, nación e identidade*. Santiago de Compostela: Laiovento.

- García Negro, P. (2009a). *De fala a lingua: un proceso inacabado*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (ed.) (2009b). *Sobre o racismo lingüístico*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2012). *Outramente*. Laiovento: Santiago de Compostela.
- Gómez García, L., Núñez, P., e Palacios, I. M. (2010). “Linguas e programa Erasmus”. En X. Rodríguez Rodríguez (coord.), *O programa Erasmus na construción da cidadanía europea: unha mirada desde Compostela* (pp. 73-78). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- González González, M. (dir.) (2003). *O galego segundo a mocidade: unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.
- Gugenberger, E., Monteagudo, H., e Rei-Doval, G. (2013). *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Iglesias, A. (2002). *Falar galego, no veo por qué. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.
- Monteagudo, H., e Lorenzo Suárez, A. M. (dirs.) (2005). *A sociedade galega e o idioma: evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, H., Casares, H., e Neira, C. (2011). *A(s) lingua(s) a debate: inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Mosquera, X. M., e Pino, S. (2009). *Lingua e docencia universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Moure, T., Bartsch, R., Strubell, M., Casares, H., Suárez Fernández, I., Loredó, X., e Fernández Salgado, A. (2003). *O desafío da diversidade lingüística*. Vigo: Galaxia.
- Nogueira, A. (2014). *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*. Vigo: Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística.

- Núñez, M. (2009). *En galego, por que non?* Vigo: Galaxia.
- Radl, R. M. (2010). “O programa Erasmus. Unha oportunidade para reflexionar sobre a cultura e a lingua nunha cultura global”. En X. Rodríguez Rodríguez (coord.), *O programa Erasmus na construción da cidadanía europea: unha mirada desde Compostela* (pp. 47-60). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Regueira, X. L. (2006). “Política y lengua en Galicia: la ‘normalización’ de la lengua gallega”. En M. Castillo, e J. Kabatek (coords.), *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad* (pp. 61-94). Madrid: Frankfurt am Main.
- (2009). “Nacionalismo y libertad lingüística: Galicia Bilingüe y la ofensiva contra la normalización de la lengua gallega”. En C. Lagarde (ed.), *Le discours sur les “langues d’Espagne”/El discurso sobre las “lenguas españolas”* (pp. 193-213). Perpignan: Presses Universitaires de Perpignan.
- Rei-Doval, G. (2007). *A lingua galega na cidade no século XX*. Vigo: Xerais.
- Sanmartín, G. (2010). “Unha (re)visitación á planificación lingüística actual desde a perspectiva da Ecolingüística. As posibilidades de construcións alternativas desde a diversidade”. En G. Sanmartín (ed.), *Lingua e futuro* (pp. 79-110). Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2005). “A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Balance crítico”. En X. M. Mosquera (ed.), *Lingua e Universidade. XI Xornadas sobre Lingua e Usos* (pp. 211-227). A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Sarille, X. M. (2007). *A impostura e a desorientación na normalización lingüística*. Santiago de Compostela: Candeia.
- Silva, B. (2008). *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na educación secundaria obrigatoria*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2012). “O debate sobre as linguas en Galicia: entre a escola e a sociedade”. En H. Monteagudo (ed.), *Linguas, sociedade e*

- política. Un debate multidisciplinar* (pp. 359-383). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Silva, B., Rodríguez Rodríguez, X., e Vaquero, I. (2010). *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicación da Universidade de Santiago de Compostela.
- Vaquero, I. (2010). “A lingua galega: problema ou oportunidade nos programas de mobilidade do alumnado?” En X. Rodríguez Rodríguez (coord.), *O programa Erasmus na construción da cidadanía europea: unha mirada desde Compostela* (pp. 143-155). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- (2012). *Traballarmos en dinamización lingüística. Unha introdución*. Santiago de Compostela: CTNL (coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua).
- Vez, X. M. (2012). “A introdución do uso vehicular das linguas estranxeiras no currículo educativo. Modelos europeos”. En H. Monteagudo (ed.), *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar* (pp. 403-440). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

## 2.2. Teses de doutoramento

- O aspecto da perspectiva multicultural e plurilingüe é tamén o ámbito da investigación na interacción entre lingua, escola e sociedade máis salientábel no que atinxe á produción de teses de doutoramento. A esta característica responden dúas teses presentadas na Universidade de Santiago de Compostela (López Gómez, 2007; Cernadas, 2010). Mais é neste eido, con forte compoñente académico, onde poden atoparse traballos nos que a dimensión de didáctica da lingua está moi presente (Sánchez Rodríguez, 2008).
- Casares, H. (2008). *Competencias bilingües do alumnado de último curso do ensino obrigatorio da comarca de Santiago de*

- Compostela*. Tese dirixida por Anxo M. Lorenzo Suárez. Universidade de Vigo, Vigo, España.
- Cernadas, F. X. (2010). *A formación do profesorado en educación intercultural. Avaliación e perspectivas de futuro en Galiza*. Tese dirixida por Miguel A. Santos Rego e María del Mar Lorenzo Moledo. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Chamorro, M. (2013). *Sistema de certificación da lingua galega (CELGA) no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas*. Tese dirixida por Tomás Jiménez Juliá. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Comesaña, M. (2007). *Representaciones léxicas y conceptuales en niños y adultos bilingües*. Tese dirixida por Isabel Fraga Carue e Manuel Perea Lara. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Freitas, P. (2006). *Contribución ao estudo da historia social da lingua galega: Represión lingüística en Galicia no século XX*. Tese dirixida por Anxo M. Lorenzo Suárez. Universidade de Vigo, Vigo, España.
- López Gómez, S. (2007). *Fluxos migratorios e escola intercultural: un estudo diagnóstico en Galiza*. Tese dirixida por Miguel A. Santos Rego e Antonio Rodríguez Martínez. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Sánchez Rodríguez, H. (2008). *Aprender a ensinar lingua, variación das crenzas na construción do coñecemento profesional na formación inicial de mestres e mestras*. Tese dirixida por Xosé Manuel Vez Jeremías. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Silva, B. (2003). *Interferencias morfosintácticas do castelán no galego: avaliación da competencia do alumnado de educación secundaria*. Tese dirixida por Modesto A. Rodríguez Neira e Xosé M. Vez Jeremías. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

### 2.3. *Congresos, seminarios, cursos e xornadas científicas*

Como consecuencia da forte dimensión social do tema ao que atendemos, é importante o volume de xornadas, seminarios ou cursos, como xeito de promoción do activismo entre o propio profesorado no traballo a prol da lingua. As universidades galegas xogaron un papel importante na consolidación deste tipo de acontecementos. Así, a Universidade da Coruña veu celebrando anualmente as Xornadas sobre Lingua e Usos, que na súa quinta e décimo primeira edicións se enfocaron a aspectos ligados á docencia. As “V Xornadas sobre Lingua e Usos”, centradas na análise dos usos lingüísticos no ensino universitario, plasmáronse no libro *Lingua e docencia universitaria* (2009), que reúne un número importante de capítulos centrados na análise das políticas lingüísticas das tres universidades galegas e no achegamento de perspectivas comparadas coas universidades do País Vasco, Cataluña e Valencia ou coa situación das linguas minorizadas nas universidades das Illas Británicas. Nas máis recentes xornadas, as de 2014, recuperouse o tema da quinta edición, enfocado, nesta ocasión, á confluencia de lingua e universidade. Aspectos como a política lingüística das universidades galegas e aquelas que, por analoxía na condición de linguas minorizadas, presentan interese desde o noso territorio, volveron estar presentes. O nesgo peculiar desta edición radicou na elaboración dun balance do funcionamento de 25 anos de normalización lingüística na Universidade da Coruña. Tamén nesta universidade se celebrou o Curso de Verán “Traballando en lingua. Curso de verán sobre dinamización lingüística, (Re)pensando o discurso”, que tivo lugar os días 20, 21 e 22 de xullo de 2011.

A Universidade de Santiago de Compostela conta cunhas xornadas de celebración anual que levan por nome Xornadas Educación e Linguas en Galicia. A primeira edi-

ción, baixo o título xenérico de Educación e linguas, tivo lugar no ano 2009. Nelas participaron nomes clave da investigación sobre linguas e educación como Bieito Silva (“O sistema escolar galego e as linguas”), Xosé Manuel Vez (“Linguas e globalización en Europa”) ou investigadores ligados ao ensino non universitario como Mercedes Queixas, Valentina Formoso ou Xosé Lastra (“Estratexias para a planificación lingüística escolar”). Tanto desta edición como da de 2010, co subtítulo “A planificación para a normalización lingüística”, se editaron actas. En anos sucesivos os temas foron concretándose da seguinte maneira: Educación e linguas en Galicia: O imaxinario social sobre o galego (III Xornadas), Educación e linguas en Galicia: A lingua galega e o plurilingüismo (IV Xornadas) e Educación e Linguas en Galicia. 30 anos da Lei de Normalización Lingüística de Galicia (V Xornadas).

O interese das universidades na dimensión sociolingüística plasmouse, tamén, na organización dun mestrado interuniversitario en planificación lingüística no curso 2008-2009.

Outras institucións contribuíron tamén á organización de acontecementos, entre os que cómpre salientar o Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade, organizado polo ILGA e o Consello da Cultura Galega ou o Curso de especialización en planificación lingüística nos centros de ensino, organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en Santiago de Compostela nos últimos meses de 2007. O Consello da Cultura Galega celebrou, de xeito anual, os Encontros para a Normalización Lingüística.

Ademais, en congresos que tiveron lugar fóra das nosas fronteiras presentáronse comunicacións enfocadas á situación sociolingüística de Galicia por parte de investigadores galegos.

- Brenlla, J. C., e Barca, A. (setembro, 2005). *Situación sociolingüística de Galicia: unha situación de salto xeneracional*. Comunicación presentada no VIII Congreso Galaico-Português de Psicopedagogía, Braga, Portugal.
- Monteagudo, X. H. (abril, 2015). *Emigración, lingua e sociedade en Galicia. Un balance histórico*. Comunicación presentada no XI Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos 2015, Bos Aires, Arxentina.
- Sanmartín, G. (outubro, 2006). *Posibilidades de coordinación das actividades dos SNL e os ENL*. Comunicación presentada nos X Encontros para a Normalización Lingüística, Santiago de Compostela, España.
- (novembro, 2009). *O plurilingüismo*. Comunicación presentada nas II Xornadas sobre a normalización da lingua e a cultura no ámbito da educación: as vantaxes do plurilingüismo en contextos socioeducativos, A Coruña, España.

#### 2.4. Proxectos de investigación

No ámbito dos proxectos de investigación, cómpre destacar a existencia de proxectos vinculados ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades centrados na adaptación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas ao contexto galego, abranguendo a propia tradución do Marco ao galego, a elaboración dos niveis de competencia en lingua galega e a adaptación do ensino e avaliación da competencia do galego aos parámetros establecidos polo texto europeo. Nesta mesma fundación, o Proxecto para a Avaliación e Aprendizaxe de Galego levou a cabo o deseño de probas para a acreditación do coñecemento de lingua galega segundo os parámetros de ALTE (Association of Language Testers in Europe) congruentes co establecido no Marco.

### III. CONCLUSIÓNS

Das páxinas precedentes extráese a idea de que a dimensión sociolingüística escolar concitou (e concita) inxentes enerxías investigadoras que contrastan, sen dúbida, cunha atención moi inferior prestada a outros aspectos da didáctica da lingua e a literatura. Esta tendencia é reveladora de que o espazo de confluencia entre lingua, educación e sociedade constitúe moito máis ca un simple ámbito de investigación. A súa singularidade radica, entre outras moitas razóns, en que a unión destes tres vértices presenta múltiples factores culturais, identitarios e emocionais específicos. O que unha sociedade decide facer coas linguas na escola di moito da súa personalidade cultural, dos seus soños e expectativas de futuro e, en definitiva, da dirección que quere tomar como pobo. O debate sobre o rol escolar que unha determinada comunidade lle debe asignar á súa lingua propia adquire, deste xeito, un valor esencial e conforma un espazo de encontro dialéctico, de vivo debate, de intervención e de activismo que constitúe un caldo de cultivo privilexiado para a investigación.

Como sinalamos ao comezarmos, a situación social e as mudanzas legais que regulan os usos das linguas na escola están lonxe de entrar nunha fase de estabilidade e esta efervescencia social e legal ten a súa correspondencia na vitalidade da investigación, que sen dúbida se intensificou respecto ao período anterior. A aparición de publicacións periódicas indexadas, tales como *Estudios de Sociolingüística* ou *Estudos de Lingüística Galega*, son evidencia desta potenciación do interese e o traballo investigador que se ve reforzada polo contexto europeo de promoción do plurilingüismo. Neste sentido, cabe esperar que nos anos vindeiros continúe producíndose, acompañando o debate social, esta eclosión de estudos, tanto teóricos (enfocados a establecer unha fundamentación para as actuacións, es-

tratexias e metodoloxías) como prácticos (cunha forte dimensión de traballo de campo e de análise da realidade sociolingüística, tales como a avaliación de competencias, actitudes e usos).

As liñas emerxentes da última década son o enfoque multicultural e o Tratamento Integrado de Linguas, que se enmarcan nas directrices das políticas lingüísticas europeas. Semella que, no futuro, seguirán concitando interese e quizais permitan atopar unha vía para unha educación plurilingüe desde a lingua e a identidade propias. Mais o certo é que, ata o de agora, se algo demostran as investigacións sociolingüísticas, especialmente as centradas nos usos en idade escolar, é que desde a sociedade e a escola se está a producir (e mesmo a perpetrar) unha perda de falantes que se afasta do que se estableceu hai xa máis de trinta anos na Lei de normalización lingüística e do recollido na Constitución, no Estatuto de Autonomía e na Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. Sendo así, só cabe agardar que a investigación siga ligada ao activismo e que intente servir para incidir na escola e na sociedade e para reverter a situación e non simplemente para constatar e documentar, con estudos e traballos de campo, o proceso final de esmorecemento e morte dunha lingua.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Sanmartín, G. (2015). “A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Balance crítico”. En X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e Universidade. XI Xornadas sobre Lingua e Usos* (pp. 211-227). A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Silva, B., e Rodríguez Neira, M. A. (2004). “Bilingüismo e educación”. En M. A. Santos Rego (ed.), *A investigación educativa en Galicia (1989-2001)* (pp. 149-181). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

10

DIDÁCTICA DAS CIENCIAS EXPERIMENTAIS  
E DIDÁCTICA DA MATEMÁTICA

MARÍA PILAR JIMÉNEZ ALEIXANDRE  
PABLO BROCOS MOSQUERA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## I. INTRODUCCIÓN XERAL: DESCRICIÓN DA ÁREA DE TRABALLO

A investigación abordada neste capítulo do informe corresponde a dúas áreas diferenciadas de coñecemento, Didáctica das Ciencias Experimentais e Didáctica da Matemática. Cómpre sinalar que cada unha destas áreas ten un ámbito específico de estudo, recoñecido tanto nas áreas científicas das axencias de avaliación de ámbito europeo, español e galego, como nas publicacións. A Didáctica das Ciencias Experimentais aborda as cuestións relativas á aprendizaxe e ao ensino das ciencias experimentais, como enfoque do ensino das ciencias, obxectivos, relación coa natureza das ciencias, problemas de aprendizaxe, estratexias de ensino, ou currículo de ciencias. A Didáctica da Matemática aborda as cuestións relativas á aprendizaxe e ao ensino da matemática, como obxectivos do ensino da matemática, relación coa natureza da matemática, problemas de aprendizaxe, estratexias de ensino, ou currículo de matemáticas.

É unha razón de carácter sobre todo histórico a que pode levar a que se aborden conxuntamente as Didácticas